

Pecado

Teresa Seara

Desterrada do meu corpo

Verónica Martínez

Letras de Cal, 2001

En *Desterrada do meu corpo* -Accésit do 1º premio Letras de Cal- Verónica Martínez Delgado ofrécenos unha lírica radical e aberta que desbota a filosofía do pracer como culpa -malia afirmar: "Din que o corpo/ ten algo que ver co pecado"- e busca o encontro co outro ser como feito propiciatorio dunha viaxe pola realidade física e sentimental dese corpo que abrangue algo máis que a súa material envoltura. Así, chegan ó poema outras liñas temáticas onde o mar é presenza inevitable na distancia, o parto se transforma nun medio coñecemento e a dor da ausencia provoca un percorrido polos lugares próximos para, á fin, o eu poético asumir que "ninguén é xa estranxeiro/ no meu corpo". T. S.